



COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2020

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 17 de decembro de 2019.
2. Elaborar un informe e trasladalo ao Departamento de Dereito Privado e á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado co obxecto de manifestar as incidencias detectadas en relación á docencia impartida pola área de Dereito Civil no Grao en Dereito e no Programa Conxunto Grao en ADE-Grao en Dereito, no marco das reunións de coordinación co alumnado, nas reunións celebradas a solicitude do alumnado, nos partes docentes e na reunión co profesorado implicado de dita área.
3. Enviar un correo electrónico aos Departamentos con docencia no centro, reiterando que á hora de conceder os permisos ao profesorado se teña en conta se hai obrigas docentes (clases, exames, titorías, etc.).
4. Non presentar a declaración de interese para a modificación de ningunha das titulacións impartidas no centro.
5. Remitir á Administradora do campus (con copia a Xerencia) o informe sobre as necesidades formativas e de medios humanos do P.A.S. do centro, elaborado polo Xefe de equipo do campus, xunto coas alegacións correspondentes aportadas polos membros da Comisión.
6. Validar a listaxe remitida ao Director da área de infraestruturas do campus coa proposta de obras a acometer no centro no ano 2020 e solicitar información sobre as que se realizarán e o prazo previsto.
8. Remitir un correo ao persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e delegados/as de curso co obxecto de que acheguen as súas suxestións respecto ás necesidades de adquisición de material, mobiliario e equipamento ou reformas que consideren e que permitan mellorar a calidade da docencia e a habitabilidade do edificio.
9. Que no caso de conferencias impartidas no centro (e nas que conste a súa colaboración) a Facultade asuma os gastos de manutención (xantar ou cea do día de celebración) do relator/a e persoa do centro que o acompañe, ata un máximo de 25€ por comensal co límite de 50€ por actividade.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito, celebrada o día 28 de febreiro de 2020, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 2 de marzo de 2020.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.